

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 04.02.2026 Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de febreiro de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 45310 (12/CPC-000134)
Do secretario xeral para o Deporte, por petición propia, para dar conta dos retos en materia de deporte para 2026
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319f1, do 22.01.2026

Punto 2. Preguntas

- 2.1 42758 (12/POC-006435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis
Sobre a galeguización de nomes e apelidos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312f1, do 13.01.2026
- 2.2 43426 (12/POC-006687)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre as razóns da disolución da sociedade Impulsa Galicia, o calendario de liquidación previsto e outros datos que atinxen ao proceso
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 313f1, do 14.01.2026

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2026

Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Asinado o día 29/01/2026 ás
12:21
Por Julio García Comesaña



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 29/01/2026 12:21:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 29/01/2026 13:27:13
Nº Rexistro: 12235
Data envío: 29/01/2026 13:27:13.264

CSV: REXPG-nynDFjD0P-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 13:27:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 29/01/2026 13:27:13
Nº Rexistro: 12235
Data envío: 29/01/2026 13:27:13.264

CSV: REXPG-nynDFjD0P-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Julio García Comesaña	P
Vicepresidente	
Roberto Rodríguez Martínez	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

María Cristina Fernández Davila	BNG
Patricia Iglesias Rey	S
Óscar Insua Lema	BNG
Argimiro Marnotes Fernández	P
Paula Mouzo Mas	P
Armando Ojea Bouzo	M
José Alberto Pazos Couñago	P
Carmen María Pomar Tojo	P
Paula Prado del Río	P
María Felisa Rodríguez Carrera	P
Iago Suárez Fernández	BNG
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Iria Taibo Corsanego	BNG
Katherinie Varela Fernández	P

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.02.2026 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.02.2026 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 45310(12/CPC-000134)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral para o Deporte, por petición propia, para
dar conta dos retos en materia de deporte para 2026

Publicación da iniciativa, 319f1, 22.01.2026

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- do secretario xeral para o Deporte, para **dar conta dos retos en materia de deporte para o 2026.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REVPG-NEJHgdIQ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
13/01/2026 22:02:35

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 22:02:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 45310
Data envío: 13/01/2026 22:02:37.817

CSV REXPG-NEJHdgtQ-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.02.2026 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.02.2026 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 42758(12/POC-006435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a galeguización de nomes e apelidos

Publicación da iniciativa, 312f1, 13.01.2026



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:48:10
Nº Rexistro: 42758
Data envío: 26/12/2025 10:48:10.318

Asinado o día 26/12/25
10:47
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a galeguización de nomes e apelidos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Historicamente, a deturpación dos apelidos comezou no século XVI, cando o galego é eliminado dos documentos oficiais, nun proceso de castelanización forzada que fixo que unha parte importante dos apelidos tradicionais galegos pasase a ter unha forma máis semellante ao castelán, sen ningún tipo de rigor nin xustificación, alén de eliminar todo trazo de galeguidade.

Os apelidos teñen un significado que transcende o familiar, aínda que isto tamén ten unha importancia filolóxica e persoal. En moitas ocasións, esta deturpación se fixo por medio dunha adaptación ortográfica para dar unha aparencia castelá, mais supoñen unicamente unha deformación. Os apelidos e nomes propios teñen unha grande importancia simbólica para a normalización da nosa lingua.

Existen varios recursos para facilitar esta galeguización, tanto desde o punto de vista informativo como para poñer a disposición documentación para os trámites necesarios. En canto anos nomes, A Mesa pola Normalización Lingüística ten publicada unha Caixa de nomes que resulta de utilidade para coñecer as formas galegas e o seu significado e orixe, (ademais de que o propio goberno galego editou unha listaxe nunha publicación titulada “Ímoslle chamar”).

A Real Academia Galega ten publicada desde xaneiro deste ano unha listaxe de apelidos galegos, que inclúe tamén as formas castelanizadas coas formas correctas

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:47
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 26/12/2025 ás
10:47
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: REXVG-ZtUUEJZ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:48:10
Nº Rexistro: 42758
Data envío: 26/12/2025 10:48:10.318

galegas correspondentes, como pode ser o caso de Feijóo > Feixoo, Rueda > Roda, Villares > Vilares, Lage > Laxe ou Rajoy > Raxoi. A Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, publicou, en febreiro deste mesmo ano, unha páxina web que inclúe toda a información necesaria sobre os trámites para esta restitución.

Porén, o goberno galego debería asumir este asunto como algo propio e actuar desde diversas vías para divulgar esta información, sensibilizar a cidadanía sobre a importancia dos nomes e apelidos nas súas formas correctas, e mesmo sobre a posibilidade de que haxa apelidos galegos tradicionais que están en risco de desaparición.

Alén disto, nos últimos anos varios cidadáns e cidadás relataron problemas para restituíren os seus nomes ou apelidos en determinados rexistros civís, polo que o apoio do goberno galego en todo este proceso resulta fundamental.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 1ª:

- Ten previsto a Xunta de Galiza levar a cabo algunha actuación para sensibilizar a poboación sobre a deturpación dos nomes e apelidos?
- Ten previsto o goberno galego pór en marcha algunha campaña para facilitar a galeguización (ou restitución) dos nomes e apelidos galegos?
- Ten previsto o goberno galego iniciar algunha actuación para asesorar desde a propia administración galega sobre como levar a cabo este proceso?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/12/2025 10:47:24
Mercedes Queixas Zas na data 26/12/2025 10:47:31
Daniel Castro García na data 26/12/2025 10:47:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:48:10
Nº Rexistro: 42758
Data envío: 26/12/2025 10:48:10.318

CSV REXPG-ZuUEJZZ-5
Visto en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/12/2025 10:48:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2025 10:48:10
Nº Rexistro: 42758
Data envío: 26/12/2025 10:48:10.318



CSV REXPO-ZuUEJZZ-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 04.02.2026 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 43426(12/POC-006687)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as razóns da disolución da sociedade Impulsa Galicia, o
calendario de liquidación previsto e outros datos que atinxen
ao proceso

Publicación da iniciativa, 313f1, 14.01.2026



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:11:58
Nº Rexistro: 43426
Data envío: 30/12/2025 13:11:58,480

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O pasado 7 de agosto fíxose pública a decisión do Consello de Administración da Sociedade Impulsa de Galicia, S.A. —participada maioritariamente pola Xunta de Galicia— pola que se acordou a súa disolución e entrada en fase de liquidación. Esta decisión supón un recoñecemento explícito do fracaso absoluto da política industrial do Goberno galego e, en particular, do proxecto estrela co que o presidente Rueda e o seu Executivo pretendían abandeirar unha nova etapa industrial: o proxecto da macrocelulosa de ALTRI en Palas de Rei.

Impulsa de Galicia naceu coa promesa de ser un instrumento áxil para canalizar investimentos estratéxicos e xestionar proxectos industriais transformadores. Porén, a súa actividade estivo marcada pola opacidade, a ausencia de rendición de contas e a vinculación directa a un único proxecto industrial de alto impacto ambiental e socialmente contestado pola sociedade civil galega, como é o de ALTRI.

O Consello de Contas de Galicia, no seus informes xa sinalou que a Xunta de Galicia exercía unha “*influencia pública significativa*” sobre Impulsa, polo que debía garantir transparencia, publicidade e control democrático sobre a súa actividade. Pese a isto, non se fixo público o Memorando de entendemento asinado entre o Sr Conde -conselleiro de Economía de Industria e Presidente Impulsa de Galicia- e os promotores de ALTRI, nin se deu acceso á información detallada dos proxectos analizados, investimentos mobilizados ou criterios de selección.

Asinado o día 30/12/2025 ás
12:58
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 30/12/2025 ás
12:58
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: REVPG-HzOLvtpK-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:11:58
Nº Rexistro: 43426
Data envío: 30/12/2025 13:11:58.480

Agora, coa súa disolución, o Goberno galego do PPdG pretende liquidar a sociedade sen dar explicacións ao Parlamento nin á cidadanía sobre o destino dos seus activos e sen clarificar se estes serán efectivamente transferidos a outra entidade pública como Recursos de Galicia, garantindo así a súa utilización en beneficio do interese xeral e non de intereses privados.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que esta maneira de actuar representa un exemplo máis do uso partidista e pouco transparente que o PPdG fai das sociedades públicas, convertendo un instrumento que debía servir ao desenvolvemento industrial e á creación de emprego de calidade nunha ferramenta ao servizo de proxectos de dubidosa viabilidade social e ambiental.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia debe actuar para esixir transparencia, rendición de contas e unha xestión responsable dos recursos públicos, por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que se dissolveu a sociedade pública Impulsa de Galicia, prevese a posible transferencia dos seus activos e pasivos á Sociedade Recursos de Galicia, se aínda non se fixo público o memorando asinado cos promotores do proxecto industrial de ALTRI?
2. En que data e con que orde do día se reuniu o Consello de Administración de Impulsa de Galicia, S.A. para acordar a súa disolución?
3. Cal foi o criterio empregado pola Xunta de Galicia para decidir a disolución desta sociedade pública e que alternativas se barallaron?
4. Cal é o contido íntegro do memorando de entendemento asinado entre Impulsa de Galicia, S.A. e os promotores do proxecto de ALTRI?

CSV REXPG-H2O.wplk-3
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:11:58
Nº Rexistro: 43426
Data envío: 30/12/2025 13:11:58.480

5. Cal é o detalle dos activos e pasivos de Impulsa de Galicia, S.A. no momento de acordarse a súa disolución e iniciar o proceso de liquidación?

6. Cal é o calendario previsto para a liquidación da sociedade e a transferencia dos seus activos?

7. Que medidas ten previsto o Goberno galego para substituír as funcións que viña desempeñando Impulsa de Galicia, S.A., garantindo unha política industrial transparente, participada e diversificada?

Parlamento de Galicia, 30 de decembro de 2025

CSV REXPO-H20wpfk-3
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 12:58:31

Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 12:58:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:11:58
Nº Rexistro: 43426
Data envío: 30/12/2025 13:11:58.480



CSV REXPG-H2O.wpk-3
Validador:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 13:11:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 13:11:58
Nº Rexistro: 43426
Data envío: 30/12/2025 13:11:58.480

CSV REXPG-H20.wpk-3
Validar
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

